

Dentro dun mes cúmprense cinco anos do falecemento do Premio Nobel
**ALVARELLOS PRESENTA A PRIMEIRA ANTOLOXÍA
DE CELA COS SEUS ESCRITOS SOBRE GALICIA**



De esquerda a dereita: Alvarellos, Castaño, Rodríguez e Caneiro, no salón de actos da Fundación Caixa Galicia de Santiago

- ***Retorno a Iria Flavia* é unha nova obra na que se inclúen textos, imaxes e manuscritos, algúns deles moi pouco coñecidos ou esquecidos, e tamén material inédito do Premio Nobel, dende 1940 ata 2001.**
- **O libro abarca sesenta anos de produción literaria e entre os documentos rescatados figuran varias cartas entre Cela e os galeguistas dos anos cincuenta (Paco del Riego, Celso Emilio Ferreiro, Otero Pedrayo e Vicente Risco).**
- **A profesora de Teoría da Literatura da Universidade da Coruña, Olivia Rodríguez González, é a responsable do limiar e da escolma dos textos.**
- ***Retorno a Iria Flavia* presentouse o mércores 20, na Fundación Caixa Galicia de Santiago (Rúa do Vilar, 19), nun acto no que participaron Marina Castaño, Xosé Carlos Caneiro, Olivia Rodríguez e Henrique Alvarellos.**



Alvarellos Editora vén de publicar un novo volume da súa Colección Rescate: trátase da primeira antoloxía da obra breve máis galega do Premio Nobel Camilo José Cela, o libro *Retorno a Iria Flavia (Obra dispersa y olvidada, 1940-2001)*. Medio cento de traballos –artigos, ensaios, epistolarios– nos que Galicia é, ao longo de sesenta anos de produción artística, o cerne da súa creación e reflexión.

A obra presentouse o mércores 20 de decembro na Fundación Caixa Galicia de Santiago (Rúa do Vilar, 19), nun acto no que participaron a presidenta da Fundación Camilo José Cela e viúva do escritor, Marina Castaño; a profesora de Teoría da Literatura da Universidade da Coruña e responsable tamén da introdución, estudo e escolma dos textos, Olivia Rodríguez González; o escritor ourensán Xosé Carlos Caneiro, e o editor Henrique Alvarellos Casas. E asistiron, entre outros, o intelectual galeguista Isaac Díaz Pardo ou o ex presidente da Xunta, Xerardo Fernández Albor.

Olivia Rodríguez destacou o esquecemento “por desleixo” ao que estaban sometidos boa parte dos textos que aquí se recuperan e animou a “superar estereotipos” á hora de valorar ao único Premio Nobel de Literatura que deu Galicia.

O escritor Xosé Carlos Caneiro sinalou que *Retorno a Iria Flavia* “é un libro paradigmático no panorama galego e tamén español porque recolle o Cela próximo. Camilo José Cela en estado puro. O que nunca saíu de Iria Flavia”, ao tempo que reivindicou a súa obra para “a cultura galega, que é moito máis ampla que a literatura galega”.

A presidenta da Fundación CJC, Marina Castaño fixo fincapé en que “Camilo José tuvo a Galicia presente en su obra, pero también en su vida e incluso en su muerte”.

Finalmente o editor Henrique Alvarellos lamentouse da “asignatura pendente que ten a cultura galega con Cela, a quen -dixo- hai que atraer e recoñecer como parte dela. En *Retorno a Iria Flavia* Cela explica o mundo dende a nosa óptica”. Por outra banda, Alvarellos afirmou que “moita da mellor literatura que se fixo en clave galega no século XX viu a luz en publicacións periódicas, de España ou do exilio, e este material é o obxecto de tratamento nesta Colección Rescate”.

O RETORNO

En *Retorno a Iria Flavia* Aparecen reunidos por vez primeira nun libro dende o seu primeiro artigo, escrito en 1940 e dedicado a Emilia Pardo Bazán, até as derradeiras columnas publicadas no diario *ABC* pouco antes do seu pasamento. Algúns destes artigos nunca foron publicados en libro até agora. Cela rinde tributo a Rosalía de Castro, Noriega Varela, Isaac Díaz Pardo, Valle-Inclán, Celso Emilio Ferreiro, Manuel Luís Acuña o Gonzalo Torrente Ballester.

Engádense a estes traballos catro documentos –un deles inédito– da correspondencia mantida con senlleiros representantes da actividade política e cultural nacionalista galega de preguerra, algúns dos que traballaban na súa reactivación nos anos 50: Ramón Otero Pedrayo, Vicente Risco, Francisco Fernández del Riego e Celso Emilio Ferreiro.



alvarellos

EDITORA

Ademais, *Retorno a Iria Flavia* recolle o longo ensaio de 1953 sobre a alma galega e a morriña, e os discursos de ingreso na Real Academia Galega e na RAG das Ciencias, entre outros textos.

Como colofón, reproducense varios manuscritos e unha galería gráfica con fotos pouco divulgadas e varias inéditas.

Camilo José Cela sentíase fundamente galego, consciente de pertencer a unha cultura singular, polo que este *Retorno a Iria Flavia* é –aos case cinco anos xustos do seu pasamento– unha viaxe definitiva de regreso á súa terra.



De esquerda a dereita: Henrique Alvarellos, Olivia Rodríguez e Isaac Díaz Pardo

[Máis información en www.alvarellos.info]



Rúa das Arribadas 7, 1ºC
15706 Santiago (GALICIA)
www.alvarellos.info
Tel: 609 90 88 52